

## ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 31 DE XANEIRO DE 2019

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día **trinta e un (31) de Xaneiro do ano dous mil dezanove (2019)**, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### ASISTENTES:

**PRESIDENTE:** D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE). Non asiste por indisposición, escusando a súa asistencia

### CONCELLEIROS:

D. Klaus Brey Montana  
D<sup>a</sup>. Ana Luisa González Costa, (PsdeG-PSOE)  
D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)  
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)  
D. Benito Saavedra Vazquez  
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)  
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Folla González (PP)  
D<sup>a</sup> Natalia Iglesias Mendez  
D<sup>a</sup> Ana Rosa Cornado Molina, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP) e Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE), por indisposición, escusando a súa asistencia.

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

Administración Electrónica nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

### ORDE DO DIA

#### 1. Actas sesión/s anterior/es.

Se aproban as Actas de 16 e 29 de Novembro.

-----

#### 2. CONVENIO SILLEDA-AFAPO 2019

Se retira.

-----

### 3. APROBACION DO PROXECTO AQUELAR CON CONCELLO DE LALIN

Consta o texto en Administración Electrónica Expediente nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

**VOTACION:** se aproba por unanimidade.

-----

### 4. APROBACION DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

- 3.1 Deportivas
- 3.2 Culturáis
- 3.3 Participación vecinal

Constan os textos en Administración Electrónica Expediente nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

Os voceiros do PP e BNG manifestan as súas discrepancias puntuais en determinados aspectos e a concelleira de área replica, en síntese, que son as mesmas de anos anteriores.

**VOTACION:** se aproba por 7 votos a favor (7 do PSOE e 1 BNG) e 4 abstencións (PP).

-----

### 5. PROPOSTA ADXUDICACION SUBVENCIONS NOMINATIVAS EXERCICIO 2019

Consta o texto en Administración Electrónica Expediente nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

**VOTACION:** se aproba por unanimidade.

-----

### 6. PLAN ESTRATEXICO DE SUBVENCIONS 2019

Consta o texto en Administración Electrónica Expediente nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

**VOTACION:** se aproba por unanimidade.

-----

### 7. [BASES AXUDAS A CREACIÓN DE EMPREGO 2019](#)

**VOTACION:** se aproba por 7 votos a favor (7 do PSOE e 1 BNG) e 4 abstencións (PP).

-----

## 8. PROPOSTA DA ALCALDIA DE COMPRA DE SOLARES NA PRAZA J. SALGUEIRO

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**

*Visto que o goberno municipal de Silleda levou a cabo en maio de 2018 unha consulta popular para pulsar a opinión da veciñanza sobre a reforma da Praza Juan Salgueiro de Silleda.*

*Visto que na citada consulta, mediante formularios anónimos que se podían cubrir tanto físicamente como a través de Internet, participaron máis de 300 persoas.*

*Visto que entre as suxerencias dos participantes figura a ampliación de espazos neste enclave público, -un dos máis utilizados polas familias da vila-, entre outras melloras propostas*

*Visto que no ánimo do goberno municipal de Silleda está o de acometer unha reforma integral desta praza que conta con varias parcelas de titulariedade privada nas súas inmediacións.*

*Visto que os propietarios dunha destas parcelas, en concreto a situada no número 13 da rúa Antón Alonso Ríos, cunha superficie de máis de 200 metros cadrados, expresaron a súa vontade de vender ao Concello de Silleda dita parcela, tal e como se reflexa no escrito de data 17 de xaneiro de 2019, con rexistro de entrada número 198.*

*Visto que por parte do goberno municipal se encargaron xa informes de valoración, tanto internos como externos, sobre o a valoración das parcelas aledañas á praza Juan Salgueiro.*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguintes acordos:*

**PRIMEIRO:** *Acordar o inicio dos trámites para lograr a ampliación da praza Juan Salgueiro coa adquisición por parte deste Concello de novos terreos.*

**Segundo:** *Instar a Secretaría e Intervención a execución dos trámites oportunos.*

**Terceiro:** *Autorizar ao Alcalde a negociar a adquisición.*

*Silleda 18 Xaneiro 2019. O ALCALDE*

**Voeiro do PP:** protesta porque non se respeta o seu dereito a información e neste punto concreto carece dos informes técnicos, polo que non pode exercer a súa función debidamente.

**Voceira BNG:** apioa esta compra e ofrece a súa “delegación” para que se compren outras parcelas da praza.

**O Presidente da sesión** indica que se trata só do inicio do expediente, en relación cos informes de taxación a que alude o voceiro do PP.

**VOTACION:** se aproba a proposta da Alcaldía por 7 votos a favor (6 do PSOE e 1 BNG) e 4 abstencións (PP).

-----

B.-Parte de control dos órganos de goberno.

**9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS 2 MESES ANTERIORES.**

Dáse conta.

-----

**10. MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

**Moción de urxencia. Do PP, sobre os Orzamentos 2019 do Estado.**

**VOTACION:** se rexeita a urxencia por 6 votos en contra (do PSOE) e 5 a favor (4 do PP e 1 do BNG).

-----

10.1 [2019-E-RC-153](#) (MOCION RELATIVA A PROPOSTA DA REDE GALEGA DE EDUCACION E DESENVOLVEMENTO RURAL) GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

**VOTACION:** se aproba por 7 votos a favor (6 do PSOE e 1 BNG) e 4 en contra (PP).

-----

10.2. [2019-E-RC-152](#) (MOCION RELATIVA A VIOLENCIA DE XENERO) GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

**VOTACION:** se aproba por 7 votos a favor (6 do PSOE e 1 BNG) e 4 abstencións (PP).

-----

10.3. [MOCION BNG RELATIVA AS MELLORAS DA AP 53](#)

**VOTACION:** se aproba por unanimidade.

-----

10.4. [MOCION BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PUBLICA](#)

**VOTACION:** se aproba por 7 votos a favor (6 do PSOE e 1 BNG) e 4 abstencións (PP).

-----

10.5. [MOCION BNG SOBRE O RUEIRO DE SILLEDA](#)

**VOTACION:** se rexeita por 6 votos en contra (do PSOE) e 5 a favor (4 do PP e 1 do BNG).

-----

## 11. ROGOS E PREGUNTAS.

O Presidente da sesión indica que se contestarán por escrito na vindeira sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 11-30 horas do 31 de Xaneiro de 2019, do que, eu, o Secretario, dou fe. Expediente Administración Electrónica nº [10/2019](https://gestiona-05.espublico.com) (<https://gestiona-05.espublico.com>).

SECRETARIO.  
Manuel Quintans Queiruga.